

ENQUIA PARA PERSOAS USUARIAS DAS HORTAS UDC

Manuel Soto/Verónica Torrijos,
OMA-UDC
Abril 2020 (recollida de datos: outubro 2019)

RESULTADOS

Recibíronse 26 respostas das persoas usuarias actuais, o que representa un 65% sobre o total (40 parcelas), incluíndo aquelas que xa non estaban cultivando por baixa ou abandono recente.

Tamén contestaron 16 persoas xa non usuarias (dun total de 59 enderezos de correo-e; 27%), pero que o foron entre 2013 e 2018 por un período que foi de 1 a 3 anos, segundo as seguinte distribución:

Anos (nº)	Respostas
1	6
2	7
3	3
Total	16

TAMAÑO DAS PARCELAS, FERRAMENTAS E TAXA

1.Parcelas e Ferramentas

	Moito	Bastante	Pouco	Nada	Total
TAMAÑO. As parcelas son de 20 m2. Indica en que grao estás de acordo en que é un tamaño suficiente	10	12	4	0	26
FERRAMENTA. A ferramenta dispoñible nas hortas é axeitada e suficiente?	8	14	4	0	26
Ex-usuarias (2013-2018)					
TAMAÑO. As parcelas son de 20 m2. Indica en que grao estás de acordo en que é un tamaño suficiente	8	7	1	0	16
FERRAMENTA. A ferramenta dispoñible nas hortas é axeitada e suficiente?	2	11	2	1	16

A maioría das persoas usuarias (85%) e ex-usuarias (94%) consideran que o tamaño das parcelas é suficiente, e o resto considéranlo escaso. Rexístrase unha lixeira mellora na valoración sobre a ferramenta, tamén apreciable no referido a cantidade ao comparar as respostas libres (seguinte pregunta). As respostas actuais evidencian o desgaste e deterioro dalgunha ferramenta, e a necesidade de reposición ou reparación.

A taxa a pagar foi considerada axeitada no 69-73% das respostas, elevada no 23-25% e moi elevada 3-6% (1 resposta).

2.FERRAMENTAS. Consideras que sería necesaria algunha ferramenta mais? De ser así, indica cal/cales

FERRAMENTAS. Consideras que sería necesaria algunha ferramenta mais? De ser así, indica cal/cales
As mangueiras están vellas. Faltan conectores de mangueiras nas billas. O fouciño non corta, está pouco afiado.
Regadeira
Mangueiras, só hai 3 e algunha en malas condicións
Arreglar grifos y nuevas tomas para mangueras por estar deterioradas y pierden mucha agua.
Todo genial! Alo mejor las lanzas de las mangueras, que estaban rotas la mayoría
Pala (solo hay 1), mangueras que funcionen correctamente
Rañeta con púas en ángulo recto (moi útiles para despedregar e remover a terra). Tamén estaría ben repoñer algunhas outras que están deterioradas como sachos, rastrelos e mangueiras

Ex-usuarias (2013-2018)

Máis cantidade de cada unha delas.
Aquel momento as ferramentas que había non eran suficientes, habería que aumentar as unidades
Mazo ou martelos
Mangueiras (ademais de regadeiras)
Mangueiras (de varias lonxitudes se pode ser)
As que hai deben estar en bo estado

6.TAXA. Indica en que grao consideras axeitada a taxa (30 € estudantes, 70 € persoal), en relación aos servizos prestados (ferramenta, formación, compost...)

	Usuarias actuais	Ex-usuarias (2013-2018)
Moi elevada	1	1
Elevada	6	4
Axeitada	19	11
Baixa	0	0
	26	16

FORMACIÓN

A formación ofrecida foi cualificada de boa ou moi boa, con máis do 90% das respostas recibidas. Porén, a asistencia está dificultada pola incompatibilidade horaria e a falta de tempo. A asistencia frecuente atinxiu o 56% nas usuarias anteriores e só o 35% nas actuais. Un 10-20% afirmaron non asistir nunca.

3.FORMACIÓN. Asistiches ás xornadas de formación?

	Usuarias actuais	Ex-usuarias (2013-2018)
Si, a todas	1	2
Á maioría	8	7
A moi poucas	14	4
Non	3	3
Total	26	16

4.FORMACIÓN. Se non asistiches á formación, cal foi a razón?

	Usuarias actuais	Ex-usuarias (2013-2018)
Incompatibilidade horaria	8	9
Falta de tempo	11	2
Non as precisaba	3	1
Sen resposta	4	4
Total	26	16

5.FORMACIÓN. Se asistiches, como valoras a formación ofrecida?

	Usuarias actuais	Ex-usuarias (2013-2018)
Moi boa	12	5
Boa	7	5
Regular	1	1
N/C	6	5
Total	26	16

PECHE, VIXILANCIA E PROBLEMAS COS ROUBOS

7.PECHE/VIXILANCIA: Como che afectou (na túa parcela) o roubo de produtos?

	Usuarias actuais	Ex-usuarias (2013-2018)
Moito	3	0
Bastante	6	1
Pouco	12	4
Nada	5	11
Total	26	16

O problema co roubo de froitos e hortalizas foi case anecdótico en anos anteriores, pero agudizouse en 2019. Isto deu lugar a preocupación e propostas de medidas de actuación relacionadas coa vixilancia, e potencialmente o peche do recinto. A enquisa reflicte esta situación, pasando do 6% ao 35% as usuarias que se consideraron moito ou bastante afectadas. Pola contra, aquelas que non se viron afectadas en absoluto pasaron do 69% ao 19%.

Este problema agudizado no último ano, levou a que o 23% das respostas das persoas usuarias actuais defenda o peche total do recinto, fronte ao 6% entre as ex-usuarias.

Porén, a pesar desta situación, a maioría das persoas usuarias actuais (58%) prefiren manter as hortas abertas, e adoptar medidas brandas de disuasión. Esta posición tamén é manifestada polas usuarias anteriores (62%), o que pon de manifesto a importancia desa abertura das hortas xa non só a toda a comunidade universitaria senón á sociedade en xeral. Diferentes medidas foron analizadas pola OMA, decidíndose pola adopción de medidas disuasorias brandas, ante a imposibilidade de adoptar algunhas das máis restritivas.

8.PECHE/VIXILANCIA: Consideras imprescindible adoptar algunha das seguintes medidas:

	Usuarias actuais	Ex-usuarias (2013-2018)
Manter as hortas abertas e adoptar medidas brandas de disuasión (carteis informativos e vixilancia puntual)	15	10
Peché perimetral e acceso só con chave	6	1
Instalación de videovixilancia	1	1
Non facer nada (deixar estar como actualmente)	0	3
LIBRE: Os carteis non son disuasorios, os hai en outras hortas na Coruña e rouban a mansalva. Eu propoño pechar e poñer cámaras simuladas con baterías Led, para que pensen que realmente funcionan.	1	0
LIBRE: Arreglar o peche que está destrozado nalgúns zonas. Pechar o acceso aínda que sexa simbólico, cunha cancela sen chave e poñer carteis informando que son hortas privadas da UDC e que o acceso está restrinxido aos seus usuarios. Tamén indicar que están vixiadas polo persoal de seguridade do campus.	1	0
LIBRE: pechar a zona da entrada ("porta")	1	0
LIBRE: colocar cartel de videovixilancia como medida disuasoria	1	0
LIBRE: En boa medida, penso que os roubos, e os destrozos, que no meu caso foron o problema principal, eran por parte doutros usuarios e de animais.	0	1
Total	26	16

COMPOST, CANTIDADE E CALIDADE. PRÁCTICAS ECOLÓXICAS.

O uso do compost producido no ámbito dos campus da UDC, a partir dos restos orgánicos dos comedores e de xardinaría, foi utilizado desde o primeiro momento. Porén, nos primeiros anos, con só as tres áreas da Zapateira, a cantidade producida era insuficiente para abastecer as necesidades, e parte pola baixa calidade inicial do solo.

Nos últimos 4 anos abríronse novas áreas de compostaxe (Elviña, Oza, Bastigueiro), e na actualidade, a cantidade producida é suficiente para abastecer todas as necesidades deste recinto, a pesar da ampliación de 28 a 40 parcelas en 2017. Así, as persoas usuarias que a miúdo trouxeron fertilizante orgánico de fora reduciuse do 25% ao 12%. Ademais, e de acordo cos criterios de non utilizar fertilización mineral nas hortas da UDC, esta opción non foi indicada por ningunha usuaria. Na mesma liña, un 88%-94% consideran moi ou bastante importante manter os criterios ou normas de cultivo ecolóxico (non usar produtos químicos para fertilizantes e fitosanitarios, non cultivar plantas exóticas invasoras, etc.) nas hortas da UDC.

Incluíuse tamén unha pregunta específica sobre a cantidade fornecida, e a porcentaxe de resposta que optaron por indicar que foi moi ou bastante suficiente subiu do 56% entre ex-usuarias ao 92% entre as persoas usuarias actuais. Así, podemos concluír que o compost da UDC está a satisfacer aproximadamente o 90% das necesidades de fertilización das hortas. As persoas usuarias manifestan que a calidade do compost lles pareceu boa-moi boa (65%) ou regular (31%), e unicamente un 4-6% declararon que lles parece mala. Tamén, arredor do 50% consideraron que se podía mellorar a información dispoñible acerca da calidade.

Dado que o compost se subministra estabilizado pero sen refinar (integral), preguntouse pola Importancia que lle darían ao cribado previo do compost, para retirar osos, cunchas e outras partículas grosas. O 56% das persoas usuarias, en calquera dos dous grupos, déronlle moita ou bastante importancia a esta opción. Por tanto, podemos ver que a metade estaría conforme co compost sen cribar e a outra metade preferiría un produto refinado desde o punto de vista físico ou de aparencia.

9.COMPOST. No abonado, fixeche uso doutros fertilizantes diferentes do compost subministrado pola UDC?

	Usuarias actuais	Ex-usuarias (2013-2018)
Non (só o compost da UDC)	17	9
Ocasionalmente engadín algún fertilizante	6	3
Si (a miúdo trouxen compost ou esterco de fora)	3	4
Si (a miúdo engadín fertilizantes minerais)	0	0
Total	26	16

10.COMPOST. Como valoras a calidade do compost?

	Usuarias actuais	Ex-usuarias (2013-2018)
Moi boa	4	1
Boa	13	9
Regular	8	5
Mala	1	1
Total	26	16

11.COMPOST

O compost achegado ás hortas procede das áreas de compostaxe da UDC, obtido a partir dos residuos dos comedores universitarios e das podas, e subministrase estabilizado pero sen refinar (integral).

Consideras importante cribar o compost para retirar osos, cunchas e outras partículas grosas?

	Usuarias actuais	Ex-usuarias (2013-2018)
Moito	2	6
Bastante	11	3
Pouco	9	5
Nada	4	2
Total	26	16

O compost subministrado foi suficiente?

	Usuarias actuais	Ex-usuarias (2013-2018)
Moito	8	2
Bastante	16	7
Pouco	2	7
Nada	0	0
Total	26	16

A información sobre a calidade do compost é suficiente?

	Usuarias actuais	Ex-usuarias (2013-2018)
Moito	2	1
Bastante	12	7
Pouco	11	5
Nada	1	3
Total	26	16

12.CULTIVO ECOLÓXICO. Consideras importante manter criterios estritos de cultivo ecolóxico nas hortas da UDC?


	Usuarias actuais	Ex-usuarias (2013-2018)
Moito	22	12
Bastante	1	3
Pouco	3	0
Nada	0	1
Total	26	16

CULTIVOS MÁIS PRACTICADOS

13.CULTIVOS (I). Indica na seguinte lista os cultivos que máis/pouco/nada teñas practicado
Usuarias actuais

	Moito	Bastante	Pouco	Nada	NC	Total
Acelgas	10	0	5	11	0	26
Alcachofa	1	0	1	24	0	26
Allos	1	0	8	17	0	26
Berenxena	5	0	11	10	0	26
Breco	2	0	13	11	0	26
Cabaciño	16	0	4	6	0	26
Cabaza	7	0	7	12	0	26
Cebolas	17	0	5	4	0	26
Cenouras	3	0	10	13	0	26
Chícharos	5	0	11	10	0	26
Coles	4	0	10	12	0	26
Coliflor	3	0	12	11	0	26
Espinacas	5	0	11	10	0	26
Fabas	5	0	8	13	0	26
Herbas aromáticas	8	0	11	7	0	26
Leitugas	23	0	2	1	0	26
Nabos	5	0	8	13	0	26
Patacas	1	0	4	21	0	26
Pementos tipo padrón	21	0	1	4	0	26
Pementos (outros tipos)	15	0	8	3	0	26
Pepino	4	0	8	14	0	26
Porro	14	0	7	5	0	26
Repolo	7	0	11	8	0	26
Tirabeques	2	0	6	18	0	26
Tomate	20	0	5	1	0	26
Xudías	13	0	7	6	0	26

A información desta táboa móstrase en porcentaxe (sobre o total de 26 respondentes) nas seguintes gráficas:






Ex-usuarias (2013-2018)

	Moito	Bastante	Pouco	Nada	NC	Total
Acelgas	6	0	4	6	0	16
Alcachofa	0	0	0	16	0	16
Allos	1	0	4	11	0	16
Berenxena	2	0	7	7	0	16
Breco	1	0	6	9	0	16
Cabaciño	13	0	2	1	0	16
Cabaza	3	0	2	11	0	16
Cebolas	6	0	3	7	0	16

Cenouras	3	0	6	7	0	16
Chícharos	1	0	5	10	0	16
Coles	3	0	4	9	0	16
Coliflor	1	0	4	11	0	16
Espinacas	2	0	9	5	0	16
Fabas	3	0	4	9	0	16
Herbas aromáticas	7	0	4	5	0	16
Leitugas	13	0	3	0	0	16
Nabos	2	0	4	10	0	16
Patacas	1	0	0	15	0	16
Pementos tipo padrón	10	0	3	3	0	16
Pementos (outros tipos)	12	0	3	1	0	16
Pepino	2	0	6	8	0	16
Porro	5	0	8	3	0	16
Repolo	1	0	8	7	0	16
Tirabeques	1	0	3	12	0	16
Tomate	13	0	3	0	0	16
Xudías	9	0	3	4	0	16

Os gráficos para as respostas das persoas ex-usuarias son os seguintes:





En resumo, estes gráficos permiten visualizar os seguintes grupos de cultivos:

Usuarias actuais:

Moito: Frecuentemente, polo 50-88% das usuarias	Pouco: Ás veces, por >38% das usuarias	Nada: Nunca, polo 50-92% das usuarias
leitugas pementos tipo padrón tomate cebolas cabaciño pementos (outros tipos) porro xudías	breco coliflor berenxena chícharos espinacas herbas aromáticas repolo cenouras coles	alcachofa patacas tirabeques allos pepino cenouras fabas nabos

Ex-usuarias:

Moito: Frecuentemente, polo 50-81% das usuarias	Pouco: Ás veces, por >38% das usuarias	Nada: Nunca, polo 56-100% das usuarias
cabaciño leitugas tomate pementos (outros tipos) pementos tipo padrón xudías	espinacas porro repolo berenxena breco cenouras pepino	alcachofa patacas tirabeques allos cabaza coliflor chícharos nabos breco coles fabas

A lista de hortalizas máis cultivadas é practicamente a mesma, coas mesmas especies e 7 antes en lugar das actuais 8 (agora inclúe a cebola, que pasou de cultivarse frecuentemente polo 38% ao 65% das usuarias). As cultivadas só ás veces por máis do 38% das persoas usuarias pasaron de 9 a 7 especies, e o grupo inclúe 5 comúns en ambos momentos (breco, berenxena,

espinacas, repolo, cenoura). Por último, a lista de hortalizas que non foran cultivadas por máis do 50% das persoas ex-usuarias era de 11, téndose reducido agora a 8, e con 6 especies comúns (alcachofa, patacas, tirabeques, allos, fabas, nabos). Aínda que as diferenzas poderían ser debidas a un nesgo causado polo paso do tempo entre a practica e o momento de realizar a enquisa no caso das persoas ex-usuarias, os resultados suxiren unha maior diversidade de cultivos na actualidade.

Porén, a declaración de cultivos practicados reflicte tamén unha cuestión que se observou ao longo destes anos, como é o abandono do cultivo durante toda a época de inverno. Así, chama a atención a ausencia de nabos e fabas (variedades de inverno), allos, ou coles. Algunhas destas especies son de ciclo anual, polo que a súa ausencia pode estar xustificada polo reducido tamaño das parcelas. Porén, é unha potencialidade claramente perdida, en particular dado o benigno clima invernal da zona, que permitiría unha boa produción nesta época.

A parte das especies incluídas nas listas anteriores, varias persoas (15 entre as respondents actuais e 4 entre as antigas, con 16 e 6 especies diferentes, respectivamente) indicaron practicar o cultivo doutras especies (ver pregunta 15). Para as usuarias actuais, destaca o cultivo da fresa (citado por 6 respondents, 23% do total).

15.CULTIVOS (II). Cultivaches algunha planta que non está na lista anterior (indica o seu nome)?:

Usuarias actuais	Ex-usuarias (2013-2018)
Fresas e algunha flor	Rúcula, millo, physalis
Remolacha, fresa	
Escarola, verzas	
Fresas, romanescos	
Fresas	
Flores, fresas	
Physalis	
Fresas,	
Apio	Apio
Edamames, alquequenxe	
Romanesco, col lombarda	
Sandía	
Rúcula, albahaca, xirasoís,	Rúcula, achicoria
Remolacha	Remolacha
Canónigos, rúcula, apio, escarola	
TOTAL: 17 especies	TOTAL: 6 especies

VALORACIÓN GLOBAL

Nunha escala de 1 a 4 puntos, as hortas da UDC foron cualificadas con 3 (42%) e 4 (58%) puntos polas usuarias actuais (45 e 52%, respectivamente, para o total de resposta de usuarias actuais e anteriores). Isto representa unha valoración moi positiva, sen prexuízo de moitos dos aspectos que a enquisa pon de manifesto que poden ser mellorados. Ademais, as persoas

usuarias manifestaron nun % 79% que a UDC debería habilitar máis espazos de hortas para a comunidade universitaria.

Finalmente agradecer a colaboración neste cuestionario de tantas persoas, que nos permitirá mellorar a xestión do espazo. O interese das persoas usuariasponse de manifesto tamén na cantidade de comentarios e suxestión dadas nos espazos libre, e das que fica constancia neste informe. Non se entra na súa valoración en detalle, o que estendería moito o informe, mais que son un punto de partida e referencia tanto para as actuacións da OMA como para o diálogo e o intercambio de información do colectivo de usuarias entre si e deste coa OMA.

16.MÁIS HORTAS NA UDC? Consideras que a Universidade debería habilitar máis espazos de hortas para a comunidade universitaria?

	Usuarias actuais	Ex-usuarias (2013-2018)	Total
Si	19	14	33
Non é necesario mais espazo, así está ben	7	2	9
Total	26	16	42

17.VALORACIÓN GLOBAL. A túa valoración global das hortas é:

	Usuarias actuais	Ex-usuarias (2013-2018)	Total
* (1)	0	1	1
** (2)	0	0	0
*** (3)	11	8	19
**** (4)	15	7	22
Total	26	16	42

18.SUXESTIÓNS. Indica no seguinte cadro calquera suxestión ou opinión que queiras dar:

Respostas Usuarias actuais: 15 de 26

Estoy muy contento con el tamaño, con el precio que se les otorga pero estoy totalmente en desacuerdo en las medidas que se tomar(on) para la entrada de las huertas. Concretamente de los robos que surgen y de los cuales los usuarios estamos totalmente indefensos. Considero que la universidad no hace nada para controlar los hurtos.
A limpeza das zonas comúns non é moi boa, agora mesmo empeza a ser difícil o acceso a algunhas parcelas. Este ano deixaron bastante compost o que está moi ben, pero a hora de colocalo debería situarse na zona traseira , moitas veces os sacos póñense ao fronte o que impide acceder ao cubo do lixo e a composteira. A situación do cubo do lixo debería ser mais cómoda.
É necesario desbrozar de vez en cando, crece moito a maleza. O compost está moi ben, o problema e que as veces trae moitos plásticos e trozos de vidro. Hai moita falta de educación dalgunhas persoas das hortas, non limpan as ferramentas e deixan todo tirado no alpendre.
1. Contar con un colector de lixo grande (inorgánico) e un pequeno (orgánico) dentro das hortas. 2. Organizar desde a OMA como proceder cos restos vexetais para aportar ao compost. Tal como está, é un pouco desastriño. GRAZAS POR ESTAS HORTAS. PARABÉNS POLA INICIATIVA.
Se debería proceder cuanto antes a colocar un cartel informativo de videovigilancia para evitar los robos. Me da pena ver que algunas parcelas apenas están cultivadas ni cuidadas. No se si

existe todavía lista de espera, pero si es así, se debería hacer un control más exhaustivo. Es una pena que haya parcelas asignadas a usuarios que no las usan ni las cuidan, mientras que a lo mejor hay personas a las que no se les asignan o incluso se les retiran despues de un plazo de cuatro años.
Instalar un contedor de residuos máis grande. Tamén outro para papel/cartón porque hai xente que bota os cartóns no de residuos -aínda que haxa un xusto diante de económicas e a maioría de nós imos en coche e non é tan complicado levalo de volta.
Estaría ben mellorar o mantemento dos accesos e carreiros que chegan ás parcelas, agora mesmo comeza a ser algo difícil chegar ás mais afastadas. Hai que ter en conta que moitos usuarios pasan por elas ó saír do traballo ou das aulas e non sempre poden acudir coa vestimenta ou calzado apropiado. Por iso creo, agora que sempre está mollado, que os carreiros teñen que estar limpos. Tamén sería bo explicar a todo o mundo como ir deixando as podas e o que se retira das hortas para non mesturar restos en distinto grado de descomposición. O compost tampouco se debería colocar diante da papeleira bloqueando o acceso a mesma
Haber si pueden podar los árboles que están sobre las huertas de la 1 a la 7.
En relación cos roubos, é certo que, no seu momento, botei de menos algunha cabaza, cabaciño..., pero non o considerei de moita importancia. É certo que disfrutei da horta na primeira convocatoria, igual neste momento hai máis, non o sei, pero ao estar aberto, é algo que pode pasar.
Hai bastantes plásticos nas hortas. Algúns veñen co compost. Outros son produto das rozas (cando trizan algún elemento plástico esquecido). Tamén hai etiquetas de plantas ou residuos dos usufrutuarios. Non estaba de máis facer campaña de concienciación tanto a usuarios como a produtores de compost. Moitas grazas!
Todo genial. Enhorabuena!!
Non podo asegurar que fora obxectivo dos furtos, pero considero que un peche perimetral axudaría a indicar que é propiedade privada. Máis vixilancia respecto as hortas abandonadas, pois hai xente que non puido acceder a unha delas. Moitas levan sen cultivar dende principios de ano. Máis limpeza da maleza especialmente na zona cerca do río e nas hortas abandonadas.
Quizais sería mellor acoutar máis o recipiente do compost. Eu persoalmente non as vin, pero outras persoas indicaron que viran ratas pola zona do compost e polas hortas. Outro problema que pode aparecer é o desgaste e vencemento das táboas de madeira que delimitan os bancais, e que pode facer que a terra se perda ou caia encima das hortas (en función de onde estean as táboas de madeira).
Quero responder NS/NC em estas quatro perguntas pelo que contesto a intermédia É necessário completar 4 pergunta(s) antes de submeter: Pergunta n.º 9, Pergunta n.º 10, Pergunta n.º 11, Pergunta n.º 16.
Non creo que se necesite máis espazo para as hortas cando sempre quedan algunhas abandonadas e sen cultivar. Considero que habería que mellorar o control respecto a isto.

Respostas Ex-usuarias (2013-2018): 7 de 16

Certas hortas teñen problemas do solo, por exemplo a miña tiña unha rocha moi grande
Aínda que xa foi hai moito tempo, para min o problema principal foi a falta de respecto entre os compañeiros, con bastante egoísmo e un certo afán competitivo. A miña parcela sufriu inundacións reiteradas por un exceso de rego doutras parcelas situadas monte arriba, e as queixas caeron en ouvidos xordos. Que os teus cultivos podrezan é desmoralizante. A acaparáción das ferramentas e o mal estado no que se entregaron os terreos inicialmente (pouca capa de solo empregable, grandes pedras, plásticos, cerámica...) tamén causaron problemas. Porén, a experiencia foi positiva, e permitíume descubrir outra forma de relaxación que sigo levando a cabo, aínda que sexa en xardineiras.

Gran diferenza dunhas hortas a outras en produción, polas sombras de árbores etc. Máis homoxeneidade na súa localización.
Moi boa experiencia!
Cando están abandonadas, ceder o uso con maior celeridade
As estruturas para termar da terra vanse desfecendo, e a terra vaise escorrendo nalgunhas parcelas. Sería bo que se arranxasen máis a miúdo.
Utilizar auga do regato próximo, non auga de traída. Arranxar as tomas de auga. Mellorar os accesos. Compensar as diferencias de calidade entre parcelas. As de arriba son moito peores que as de abaixo.